



## XEOGRAFÍA

**O que di o curriculum oficial:** A xeografía explora as complexas interaccións e interdependencias entre as persoas e o territorio, contribuíndo ao descubrimento do espazo en que viven, desde a referencia da contorna local a un contexto global, servindo tamén de guía para comprender unha realidade ecosocial en constante transformación e atopar o noso lugar no mundo, recoñecendo límites e buscando oportunidades ante os retos do século XXI.

**O que engadimos nós:** A xeografía é a navalla suíza das Ciencias Sociais: historia, socioloxía, economía, poboación, política e calquera cousa que podas imaxinar acada coa xeografía unha mellor comprensión. Ademais, a súa versatilidade complétase co feito de que serve de ponte para comunicar as Ciencias Sociais con outras Ciencias: Estatística, Bioloxía, Xeoloxía... A xeografía está en todas partes e onde menos o agardas (Michael Jordan, a lenda do baloncesto, é licenciado en Xeografía).

### O que engaden outros:

Gosto dos mapas porque menten  
porque non deixan paso á pura verdade  
porque magnánimos e de bo humor  
presentan na miña mesa  
un mundo  
non deste mundo

**Wisława Szymborska**

**Que contidos:** XEOMORFOLOXÍA  
CLIMA E VEXETACIÓN  
HIDROGRAFÍA  
PAISAXES NATURAIS  
ORGANIZACIÓN TERRITORIAL  
ESPAÑA EN EUROPA E NO MUNDO  
A POBOACIÓN ESPAÑOLA  
O ESPAZO RURAL E AS ACTIVIDADES DO  
SECTOR PRIMARIO  
AS FONTES DE ENERXÍA E O ESPAZO  
INDUSTRIAL  
O SECTOR SERVIZOS  
O ESPAZO URBANO